

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2021/7325. Modificación das bases do V Concurso “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil

MODIFICACIÓN DAS BASES DO V CONCURSO “QUERO CANTAR” DE MÚSICA INFANTIL E XUVENIL

Por resolución do presidente num. 7325 do 2 de marzo de 2021, aprobouse a modificación das bases do V Concurso “Quero Cantar”, de conformidade co seguinte:

* A denominación correcta do Concurso é:

V Concurso “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil.

* Engádese na base Primeira:

A autoría da letra e a música da maqueta debe ser dos membros do grupo, aínda que se admite o asesoramento doutras persoas, como pode ser o profesorado.

* Nova redacción da base Segunda:

O premio para os dous grupos ou solistas seleccionados polo xurado consiste en:

a) Participación no Programa Formativo Quero Cantar que se explica no anexo.

b) Realización dun videoclip da canción realizada tras o programa formativo, con presentación e lanzamento promocionado desde as redes sociais do concurso.

Suprímese: A Deputación da Coruña resérvase o dereito de difundir, por un período máximo de seis meses e por calquera canle, os temas presentados ao concurso sen xerar ningún tipo de dereito económico para as persoas autoras ou intérpretes.

De acordo co sinalado, o texto modificado das bases é o seguinte:

V Concurso “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil

Coa intención de promocionar e difundir o uso da lingua galega e a creatividade poética e musical no ámbito da infancia e a adolescencia, a Deputación da Coruña convoca neste ano 2021 a quinta edición do Concurso “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil.

Atendendo á situación especial que vivimos actualmente, derivada da pandemia provocada pola Covid-19, nesta edición do certame convócase unicamente a categoría xuvenil, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira.-

Poderá participar calquera grupo ou solista que presente a maqueta dunha canción en galego, con letra e música orixinais e inéditas, que non fosen publicamente difundidas antes por ningún tipo de soporte nin canle.

Nesta edición especial de 2021 o concurso constará dunha única fase e convócase só a categoría xuvenil, que atende aos seguintes límites:

Xuvenil.- Idade: de 13 a 16 anos

Número máximo de compoñentes: 12

O límite de idade enténdese en referencia á data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Permítese tamén que haxa excepcións ao límite de idade inferior, é dicir, compoñentes menores de 13 anos, sempre que o número de excepcións sexa inferior ao 50% de membros totais do grupo.

A autoría da letra e a música da maqueta debe ser dos membros do grupo, aínda que se admite o asesoramento doutras persoas, como pode ser o profesorado.

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Quen presente a solicitude, que pode non ser integrante do grupo, deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital, que pode ser o DNI electrónico ou un certificado software emitido pola Fábrica Nacional de la Moneda y Timbre ou outro prestador de servicios de certificación.

Segunda.-

O premio para os dous grupos ou solistas seleccionados polo xurado consiste en:

- a) Participación no Programa Formativo Quero Cantar que se explica no anexo.
- b) Realización dun videoclip da canción realizada tras o programa formativo, con presentación e lanzamento promovido desde as redes sociais do concurso.

Terceira.-

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a candidatura.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Cuarta.-

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- 4.1.- Maqueta da composición en formato audio (Mp3) ou audiovisual (Mp4), cunha duración máxima de 10 minutos.
- 4.2.- Letra da canción en PDF. Opcionalmente, tamén a partitura.
- 4.3.- Relación de compoñentes do grupo, indicando nome e apelidos, idade, función dentro do grupo (interpretación e composición) e acompañada con fotocopia do DNI ou, no seu caso, do libro de familia.
- 4.4.- Breve biografía do grupo, acompañada dunha fotografía.
- 4.5.- Documento de aceptación das bases do concurso e de cesión dos dereitos de imaxe (para os fins relacionados co concurso, exclusivamente) que deberá estar asinado polas persoas integrantes do grupo ou polas súas nais/pais, titores ou representantes legais. As persoas que asinen en representación de menores deben xuntar tamén fotocopia do seu documento de identidade.
- 4.6.- Acreditación do nomeamento da persoa representante do grupo no que se especifique o alcance da dita representación (presentación telemática da solicitude e sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación).
- 4.7.- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no V Concurso "Quero Cantar" de música infantil e xuvenil, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Quinta.-

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito musical nomeadas pola área de Cultura da Deputación.

As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se for o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta.-

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

Para conceder os premios o xurado valorará as propostas conforme os seguintes criterios, ponderados cun máximo de 20 puntos: * calidade artística da música: até 10 puntos

* calidade artística da letra: até 10 puntos

Sétima.-

Os titulares das obras musicais presentadas, a través da aceptación das bases deste concurso, outorgan unha licenza non exclusiva, gratuíta e intransmisible á Deputación da Coruña, aos centros educativos tanto públicos coma privados, así como ás asociacións ou organismos con fins sociais e culturais e que carezan de ánimo de lucro, nos termos do artigo 50 da Lei de propiedade intelectual, o Real decreto lexislativo 1/1996, de 12 de abril.

Os dereitos cedidos son o de reprodución, distribución, comunicación pública en todas as súas modalidades, incluída a de posta a disposición, e o dereito de sincronización.

O ámbito territorial da cesión alcanza todos os países do mundo e a duración da cesión será de 5 anos.

A finalidade desta licenza non exclusiva atende ao espírito deste certame de dinamización da creatividade infantil e xuvenil, promoción das obras presentadas e dinamización da lingua galega.

Oitava.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Novena.-

O desenvolvemento do certame segundo estas bases estará sempre supeditado a que o permitan a situación excepcional de alerta sanitaria e os condicionantes e restricións que dela derivan.

Décima.-

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Premio por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal. Pode consultar a política de privacidade da Deputación na dirección [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).

ANEXO

Programa Formativo Quero Cantar 2021

O Concurso “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil fai neste 2021 a súa quinta edición, despois da cancelación temporal sufrida en 2020 pola situación sociosanitaria derivada da pandemia da COVID-19.

Neste primeiro lustro de funcionamento, o concurso contou coa participación de dúas de propostas; impulsou a creación musical infantil e xuvenil en galego; descubriu novos talentos; editou catro discos e sete videoclip e, o máis importante, alentou a ilusión de moitas rapazas e rapaces pola música e a creatividade.

Na área de Cultura da Deputación da Coruña pensamos que o mellor premio que as mozas e mozos destas idades poden recibir é o reforzamento da súa experiencia artística e a colaboración coa formación que xa reciben. Por iso, nesta edición especial de 2021 ofrecemos por primeira vez como premio o seguinte **Programa Formativo** que ten os seguintes contidos:

A. Titorización creativa.

Titorización por parte dun ou dunha artista de recoñecida traxectoria na música galega para o desenvolvemento dunha canción.

Cada grupo ou solista participante debe achegar a idea para unha canción en estado inicial, obviamente, distinta daquela que xa presentaron ao certame. Durante un período de catro semanas, e durante dúas horas semanais, a titorización desenvolverase en liña polos medios e nos horarios que de común acordo se establezan entre o grupo e a persoa titora.

A función da titoría será transmitir tanto os seus coñecementos na creación musical e poética, para asesorar o grupo no desenvolvemento da canción, como a súa experiencia nos moi diversos aspectos que implica o crecemento dunha carreira musical (promoción, comunicación, relación cos distintos axentes e co público...). A persoa titora terá tamén un papel interpretativo, vocal ou instrumental, na canción.

Este período en liña culminará durante unha fin de semana na que a canción ha de ser gravada polo grupo e pola persoa titora nun estudio profesional. Nesa mesma xornada gravarán tamén a maqueta presentada ao concurso e pola que cal o grupo ou solista foron seleccionados. A fin de semana elixida será tamén establecida de común acordo entre o grupo e a persoa titora, atendendo tamén á dispoñibilidade dos estudos onde culminará a formación, sempre dentro do mesmo ano do certame.

A Deputación da Coruña contribuirá posteriormente á difusión e promoción da canción a través das súas redes sociais.

B. Obradoiro de difusión musical en redes sociais.

Internet e as redes sociais ofrecen hoxe en día unha ferramenta moi á man para que calquera solista ou grupo empece a difundir sen moito custo as súas propostas. Non obstante, a súa facilidade de acceso é asemade tanto unha posibilidade coma un inconveniente, posto que a cantidade de oferta provoca que cada vez sexa máis complicado salientar entre tantas e tantas propostas. Para facelo non cómpre só ofrecer boa música, senón tamén saber como difundila do xeito máis eficaz.

Esta proposta formativa orientará os grupos e solistas participantes sobre ferramentas, técnicas e canles para tirarlle o maior proveito á difusión da música en Internet.

Este obradoiro formativo realizarase nun estudio audiovisual profesional durante a mesma fin de semana na que se realice a gravación en estudio da canción.

Organización

Desde a tarde do venres ata a tarde do domingo da fin de semana de formación presencial, as e os participantes aloxaranse no Pazo de Mariñán, en Bergondo, desde onde se desprazarán aos estudos correspondentes.

Na tarde do venres programárase un primeiro encontro presencial coa persoa titora de cara a preparar a gravación da canción.

Os gastos derivados dese aloxamento así como os do transporte aos dous estudos son asumidos pola Deputación provincial.

O desprazamento ata Mariñán e o regreso aos domicilios familiares son por conta das e dos participantes.

A Deputación tamén porá aos dispor dos participantes un servizo de monitorado para o seu acompañamento durante esta fin de semana.

Dereitos

Os titulares das obras musicais creadas ao abeiro deste programa, a través da súa aceptación das bases deste concurso, outorgan unha licenza non exclusiva, gratuíta e intransmisible á Deputación da Coruña, aos centros educativos tanto públicos coma privados, así como ás asociacións ou organismos con fins sociais e culturais e que carezan de ánimo de lucro, nos termos do artigo 50 da Lei de propiedade intelectual, o Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril.

Os dereitos cedidos son o de reprodución, distribución, comunicación pública en todas as súas modalidades, incluída a de posta a disposición, e o dereito de sincronización.

O ámbito territorial da cesión alcanza todos os países do mundo e a duración da cesión será de 5 anos.

A finalidade desta licenza non exclusiva atende ao espírito deste certame de dinamización da creatividade infantil e xuvenil, promoción das obras presentadas e dinamización da lingua galega.

A Coruña, 2 de marzo de 2021

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario,

José Luis Almau Supervía

2021/1750